



A biblioteca está organizada en seccións, cada unha das cales alberga os libros pertencentes a unha materia concreta (ver plano). Á súa vez, dentro de cada sección os volumes están colocados por orde alfabética, tendo en conta primeiro o nome do autor/a e despois o título da obra.

A cada libro correspóndelle un código que se chama SIGNATURA.

A SIGNATURA consta de tres elementos separados por barras:

- * en primeiro lugar un número ou unha letra, a CDU, que se corresponde coa materia á que pertence a obra;
- * en segundo lugar un grupo de tres letras maiúsculas que se corresponden coas iniciais do primeiro apelido do autor (en ocasións, cando un libro non está escrito por unha soa persoa senón por varias, as letras maiúsculas son dúas: AV – que quere dicir “Autores Varios”);
- * e por fin, en terceiro e último lugar outras tres letras, neste caso minúsculas, que se corresponden coas tres primeiras do título da obra (agás o artigo e as preposicións, en caso de que o título os leve).

Así, por exemplo, *Orixe de Séchu Sende*, estará colocado na sección de LINGUA GALEGA, no andel correspondente ao S (Sende) e terá a seguinte SIGNATURA:

N/SEN/ori

- **N** significa que pertence ao xénero narrativo;
- **SEN** son as tres primeiras letras, en maiúsculas, do apelido do autor;
- **ori** son as tres primeiras letras, en minúscula, do título do libro.

Todos os libros da biblioteca levan a súa SIGNATURA pegada no lombo.

Outro dato importante no que debes fixarte, porque che fará falta para cubrir as fichas de préstamo, é o **número de rexistro**: un número que aparece nas primeiras páxinas do libro que é algo así como a matrícula de cada exemplar da nosa biblioteca. Por exemplo, o libro *Orixe* ten como número de rexistro o 3083.

Outra cousa que che chamará a atención é un **punto de cor vermella ou verde** que aparece no lombo do libro xusto enriba da signatura. Serve para indicar que libros podes levar en préstamo (punto verde) e cales podes usar unicamente na biblioteca (punto vermello)



Pero non só temos libros na biblioteca. Tamén podes atopar música, cine, documentais e CD-ROM. Neste caso non temos signatura, tan só o número de rexistro, que aparece no canto das caixas.